



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E O REAL PADROADO DE SARGADELOS COMO CONTRIBUCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E MANTEMENTO DA CASA DE ADMINISTRACIÓN E REALIZACIÓN DO PROXECTO EXPOSITIVO PERMANENTE DO MUSEO HISTÓRICO DE SARGADELOS.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

**DECLARA:**

Que esta secretaría xeral de Cultura formalizou co Real Padroado de Sargadelos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración co Real Padroado de Sargadelos para contribuír no funcionamento e mantemento da Casa de Administración e realización do Proxecto expositivo permanente do Museo Histórico de Sargadelos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O Real Padroado de Sargadelos é o organismo encargado de garantir a conservación, posta en valor e difusión do conxunto histórico artístico de Sargadelos mediante a atención da exposición permanente así como atención de visitas guiadas ao conxunto histórico e demais actividades realizadas no complexo.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrència pública para a realización destas actuacións, por canto o Real Padroado de Sargadelos, pola calidade artística e material das súas pezas aparece dende fai décadas como unha das entidades culturais máis importantes de Galicia dedicada a crear e promover as manifestacións da cultura tradicional galega. Esta entidade caracterizouse, por unha parte, pola súa vocación decidida de impulsar a cultura galega en todos os seus ámbitos, por crear unha cerámica intimamente ligada á tradición e aos sinais identificarios de Galicia e por unha investigación constante en materiais e en fórmula de expresión.



Por todo o anterior é o Real Padroado de Sargadelos o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.

